

Reforma laboral e ensino



**Machús
Fernández
García**

Secretaría xeral da
Federación do Ensino
de CCOO de Galicia

O R. D. Lei 3/2010 irrompeu no panorama das relacións laborais marcando un forte contraste entre o de onte mesmo e o que xa é norma legal. Un novo axuste legal que potencia a discrecionalidade empresarial na mesma medida que desprotexe os traballadores por conta allea. Aínda que o Goberno a xustifica alegando que creará emprego a medio prazo, o seu efecto inmediato vai ser un considerable número de despedimentos no sector privado e no público. O exemplo foi a anterior reforma que «creou» 1.500.000 parados e paradas.

OS RECORTES son xeneralizados e xa ninguén parece asombrarse do que lle poida caer.

Transfórmase dunha arrancada a negociación colectiva no curral do liberalismo, rachando gran parte das regras do xogo acordadas nos albores da nosa democracia, e que tantos beneficios sociais e laborais trouxeron. De xeito tan inútil como extremadamente duro, desvirtúa a flexibilidade interna recentemente pactada entre patronal e sindicatos. No seu entusiasmo ante o decretazo, a propia CEOE anima a adaptar o acordo á reforma, non a reforma ao acordo.

En canto ás repercusións da reforma no sector do ensino e nos servizos socioeducativos, é preciso matizar que, aínda que non afecta aos sectores funcionariais maioritarios, é evidente o perigo de modificación do Estatuto Básico dos Empregados Públicos, na filosofía de adelgazar os cadros públicos e non só pola vía de non convocar oposicións. **Por iso alertamos o profesorado de que a mellor defensa dos seus dereitos é a protesta unánime contra esta reforma.** De feito, xa causa impacto que os ERE toquen na porta dos sectores laborais do ensino público e da universidade. A disposición adicional segunda do Real decreto lei 3/2012 estende o despedimento por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ao persoal laboral ao servizo dos entes, organismos e entidades que fan parte do sector público. O decreto sinala que concorren causas económicas cando se produza neles unha situación de insuficiencia orzamentaria sobrevida e persistente para o financiamento dos servizos públicos correspondentes. A insuficiencia orzamentaria será persistente se se produce durante tres trimestres consecutivos.

Por iso alertamos o profesorado de que a mellor defensa dos seus dereitos é a protesta unánime contra esta reforma

O Goberno vende a norma dicindo que creará emprego, pero colocou ás portas do sector público un cabalo de Troia para o despedimento colectivo. Os 700.000 traballadores e traballadoras que conforman o corpo do persoal laboral –gran parte do cal entrou opositando– poden verse



moi pronto no paro, cunha indemnización por despedimento case testemuñal.

Coas causas que xustifican os despedimentos na norma, é obvio que tanto as universidades como a maioría de Administracións educativas se atopan xa en potencial situación de despedimento, dada a escaseza orzamentaria á que ás veñen sometendo. Así, o futuro de centos de miles de familias depende agora do criterio dos responsables políticos do momento. Os actuais é evidente que tenden a adelgazar os servizos públicos para favorecer a iniciativa privada.

Moito tememos que é o campo de probas para o cheque escolar, polo que tanto deben algúns sectores educativos afíns ao propio PP

Cabe sinalar que a disposición final terceira da reforma crea o denominado «cheque formación», destinado a financiar o dereito individual á formación dos traballadores e traballadoras. Moito tememos que é o campo de probas para o cheque escolar, polo que tanto deben algúns sectores educativos afíns ao propio PP.

Segundo Rajoy, temos unha norma «boa e xusta», cunha maior capacidade para o despedimento legal, colectivo e arbitrario. Iso si, o de crear emprego é, para o seu Goberno, un «xa se verá», e abofé cando o vexamos será en condicións bastante máis precarias.